

Ramón Otero Pedrayo

O NENO. A FAMILIA



O neno Otero por volta de 1895

Ramón Otero Pedrayo naceu o 5 de marzo de 1888 no segundo andar do inmoible que actualmente ocupa o número 25 da ourensá rúa da Paz. Esta céntrica rúa, chamada até 1839 dos Zapateiros polos moitos que nela se estableceran, era a finais do século XIX, unha vía burguesa e comercial, onde fidalgos e artesáns residían en tranquila convivencia.

O 5 de marzo celébrase a festividade de santo Adrián. O dato é relevante pois este será o nome elixido polo escritor para nomear a moitos dos personaxes autobiográficos que deseñe. En *Escrito na néboa* (1927)

encontramos a Adrián Solobio, en *Os camiños da vida* (1928) a Adrián Soutelo, nas páxinas de *Arredor de si* (1930) a Adrián Solovio e a Adrián Silva en *La vocación de*

Adrián Silva (1950). Silva e Soutelo cadran, como veremos, cos apelidos dos avós do autor. Todos estes seres de ficción comparten ademais do S inicial do apelido, o feito de agochar unha firme e teimuda vontade autobiográfica. O de Trasalba deixará recordo de si mesmo, da súa familia ou das persoas que coñeceu en moitos dos seus textos.



Enrique Otero no ano
1880

Ramón Otero Pedrayo foi o único fillo de Eladia Pedrayo Ansoar e Enrique Otero Sotelo, que levaban casados cinco anos cando naceu o seu primoxénito. O pai era un home culto e liberal, coñecido na cidade polo exercicio da súa profesión, a medicina, e por se ter posicionado publicamente sendo deputado provincial, a favor do poeta Manuel Curros Enríquez fronte a empencha do bispo Cesáreo cando a

publicación de Aires da miña terra.



Eladia Pedrayo no ano
1940

Eladia, a nai, era unha das fillas do prestixioso avogado ourensán Ramón M^a Pedrayo Silva, alcalde da cidade en 1860, con bufete no número 17 da rúa Maior e propietario do edificio da rúa da Paz. Precisamente en honra do avó materno, padriño do neno, impóñenlle ao escritor o nome de Ramón. Na partida de bautismo, asinada o 6 de marzo na igrexa de Santa María a Real do Norte, ao lado de Ramón atopamos os nomes de Antonio e Vicente.

Antonia era a avoa materna do neno, de nome completo Antonia Ansoar Rañoy, xa falecida cando este naceu e do avó paterno, Antonio Otero Rodríguez, natural de Lugo pero afincado na aldea de Trasalba. Don Antonio, que tamén estaba morto en 1888, casara con Vicenta Sotelo Puga, coa que se completa a explicación do nome composto do escritor.

O pequeno Ramón, escoitará da boca desta avoa de Trasalba, coñecida familiarmente como mamá Tenta, unha chea de historias en lingua galega. Contos de pazos e fidalgos, de monxes exclaustrados, de vellos personaxes populares da aldea; anécdotas de veciños e antepasados que andando o tempo, recreará sen apenas modificar, na súa obra literaria. Vicenta Sotelo, que nunca quixo abandonar a casa aldeá, está enterrada nunha arca de pedra acaroadá ao muro da igrexa parroquial de Trasalba.

Nace pois o escritor no seo dunha familia culta e adineirada, nunha das rúas burguesas e comerciais do centro neuráxico da pequena cidade. Criado entre Ourense e Trasalba, rodeado de mimos e todo tipo de coidados converterase desde moi neno nun bo estudante, decantándose cedo polas letras e a xeografía.



A familia Otero Pedrayo.

No mes de setembro de 1898, con 10 anos, ingresa no instituto. Faino no Centro Provincial de Instrucción, hoxe Instituto Otero Pedrayo, inaugurado en 1896 nas inmediacións do xardín do Posío. De contado segue con entusiasmo e verdadeira dedicación as explicacións de Retórica e Poética do director do centro, o astorgano Marcelo Macías, de Eduardo Moreno López a quen nunca esquecerá e de quen dirá ter

herdado os alicerces do seu amor pola Xeografía ou de Salvador Padilla, catedrático

de Castelán e Latín.

Os bos resultados académicos obtidos nestes anos explican que a comezos do mes de xuño de 1901, o mozo Ramón Otero Pedrayo resulte elixido xunto a Florentino López Cuevillas, compañeiro de estudos, amigo nos xogos, veciño e máis tarde irmán de angueiras políticas e culturais, para compartir unha merenda con Emilia Pardo Bazán. A escritora, mantedora dos Xogos Florais da cidade, recibe os dous

representantes dos estudantes ourensáns, de 13 e 15 anos respectivamente, coidadosamente peiteados e vestidos con impecables traxes mariñeiros azuis, no edificio do Concello.

O 28 de maio de 1904, cando está a piques de rematar os seis cursos de instituto, falece o seu pai. O pasamento de Enrique Otero, que levaba meses enfermo, marcará un punto de inflexión na vida de Eladia, Vicenta e Ramón. O mozo convértese subitamente no home da familia e apenas dous meses despois do enterro recolle, vestido de rigoroso loito, o premio extraordinario na sección de Letras que lle conceden no instituto.



Ramón Otero Pedrayo no ano 1905.

Eladia, viúva prematura, faise cargo con 45 anos, da economía familiar. Ao pouco tempo, goberna con acerto e determinación as rendas, a casa e as terras de Trasalba. Ademais e tal e como farán na ficción literaria, a dona Ramoniña dos *Camiños da vida* ou a dona María de *Arredor de si*, preocúpase polo futuro inmediato do morgado. No mes de setembro de 1905, tras ter superado con éxito e por libre as tres materias do Curso de Ampliación de Filosofía e Letras, Ramón Otero Pedrayo que pensara en estudar medicina e desistira seguindo os consellos do seu pai trasládase á capital madrileña para iniciar os estudos universitarios. Matriculado en Dereito por expreso desexo da nai que quería ver ao fillo seguindo os pasos do avó, logra o mozo compaxinar estes estudos cos de Filosofía e Letras que son os que verdadeiramente lle interesan.

Tres textos asinados polo propio Ramón Otero Pedrayo describen con coidado esta primeira etapa da súa vida: A historia de un neno (Patronato R. Otero Pedrayo, 1979) e os artigos “Lembranzas do meu vivir”, (Revista Grial, 52, 1976) e “Desvelamento de Santiago”, (Revista Grial, 19, 1968).

PERÍODO DE FORMACIÓN



Ramón Otero Pedrayo,
1910.

Ramón Otero Pedrayo chega a Madrid para cursar estudos universitarios no mes de outubro do ano 1905. No edificio do antigo noviciado da Compañía, na rúa de San Bernardo, realizará a un tempo, as carreiras de Filosofía e Letras e Dereito. A primeira por vontade e a segunda por satisfacer á súa nai. Só neste primeiro ano académico se matriculará como alumno oficial. O pasamento de mamá Tenta en 1906, fai que a partir dese momento estude como alumno por libre. Permítelle esta condición alternar temporadas na capital con outras en Ourense ou Trasalba onde acompaña a súa nai a quen está moi unido.

En Madrid, vive comodamente instalado en céntricas pensións. Ao pouco de chegar, faise socio do Ateneo Científico, Literario e Artístico, no número 21 da rúa do Prado. O futuro escritor sempre lembrará con cariño a biblioteca desta significada institución onde investiu moitas dedicado á lectura e ao estudo. Nas dependencias do Ateneo asistiu ademais a conferencias e parladoiros que reunían ao máis selecto da intelectualidade española da época.

Os anos universitarios, son anos prateiros, de vida regalada e despreocupada. Cafés, concertos, faladoiros e paseos cos amigos ocupan a maior parte das horas dun mozo que a semellanza do Adrián Solovio de *Arredor de si*, vive entregado a unha vida diletante e desenfadada. Será precisamente nun dos cafés, o Universal, onde trabe amizade con Primitivo Rodríguez Sanjurjo, poeta e narrador ourensán, con fama de home culto e extravagante. A relación entre os dous escritores afianzarase co paso dos anos.

A comezos do verán de 1911, regresa a Ourense coas dúas carreiras rematadas disposto a preparar unhas oposicións que lle permitan converterse en profesor de ensino medio. No café Royalty desta cidade reúnese con Vicente Risco, Florentino L. Cuevillas e Primitivo R. Sanjurjo, que moi pronto marchará a Estados Unidos como profesor universitario. Otero non tarda en sumarse aos proxectos argallados polos amigos da infancia. Cando se funda o Ateneo de Ourense en 1914 os tres compañeiros apresúranse a colaborar nos labores culturais do centro, Cuevillas como bibliotecario, Risco como director da sección de Literatura e Otero como tesoureiro. Participan ademais nas actividades da Comisión Provincial de Monumentos de Ourense, á fronte da cal se atopa Marcelo Macías.



En 1917, ve á luz un novo proxecto esta vez iniciativa exclusiva dos mozos. Referímonos a *La Centuria. Revista Neosófica*, considerada precedente da *Revista Nós*. Nela colaborarán Primitivo R. Sanjurjo, Arturo Noguero Buján, Vicente Risco, Cuevillas e o propio Otero

Pedrayo, quen asina nas páxinas de tan singular publicación os seus primeiros artigos, “La confesión del hombre culto” no segundo número e “Cartas espontáneas” no seguinte.

O 19 de febreiro de 1919, tras varios intentos, logra por fin aprobar as oposicións. En marzo dese mesmo ano toma posesión no seu primeiro destino, o instituto de Burgos. Poucos meses despois, xa en verán, logra permutar a praza de Burgos por outra en Santander onde permanecerá até que logra destino definitivo en Ourense. O primeiro de outono de 1921, convértese no catedrático de Xeografía e Historia do centro onde cursara os estudos sendo neno.

Un pouco antes, o 30 de outubro de 1920, saía á rúa o primeiro número da *Revista Nós*, chamada a ser o órgano cultural máis poderoso da literatura galega anterior á Guerra Civil. Teremos que agardar até decembro do ano seguinte, 1921, para ler o primeiro artigo de Otero Pedrayo en tan senlleira publicación. Trátase do texto titulado “Irlanda política no século XIX”.




Ramón Otero Pedrayo e Josefina Núñez Bustamante, 1923.

O 6 de agosto de 1923 Ramón Otero Pedrayo contrae matrimonio con Josefina Núñez Bustamante na igrexa da aldea natal dela, no pequeno lugar de San Vicente de Toranzo, no val do Pas. Na viaxe de vodas a parella visita París, Bruxas, Bruxelas e Gante. Un percorrido que garda algunhas semellanzas co realizado na ficción literaria por un Adrián Solovio que percorre Europa á procura de si mesmo.

Os que seguen son anos de enfebrecido traballo. Otero Pedrayo, home de recoñecida e sólida formación, colle nesta época as rendas da reivindicación cultural e política e multiplica as súas actividades a prol da cultura e a lingua galega. En xaneiro de 1925 ingresa no Seminario de Estudos Galegos, institución creada por un grupo de mozos galeguistas en 1923 coa vontade de

estudar e divulgar o noso patrimonio cultural. Faino coa lectura dun traballo titulado Síntesis xeográfica de Galicia (1926).



En 1924, con 36 anos, gaña o premio convocado polo Seminario de Estudos Galegos con motivo da Festa da Lingua Galega con *Pantelas, home libre*, noveliña curta publicada pola editorial Lar ao ano seguinte. Comeza así a longa e produtiva andaina literaria de quen había ser chamado patriarca das letras galegas. Cinco anos despois, o 9 de decembro de 1929 ingresa na Real Academia Galega a proposta de Marcelo Macías, Jose Vega Blanco e Eladio Rodríguez. Nesta ocasión, le un discurso titulado *Romantismo, saudade e sentimento da raza e da terra en Pastor Díaz, Rosalía de Castro e Pondal* (1931), contestado por Vicente Risco.

O 19 de maio de 1936, pouco antes do triúnfo electoral do 28 de xuño, Otero Pedrayo le na facultade de Filosofía e Letras de Madrid a súa tese de doutoramento. O traballo titulado *Los orígenes de la Galicia moderna*, mereceu a cualificación de Sobresaliente.

XERACIÓN NÓS. SEGUNDA REPÚBLICA ESPAÑOLA

Ramón Otero Pedrayo é sen lugar a dúbidas, unha das principais figuras do nacionalismo galego do primeiro terzo do século XX. Pese a ter pertencido desde o comezo ao grupo de mozos ourensáns que logo se habían converter nos piares da chamada xeración Nós, a súa incorporación plena ao nacionalismo foi lenta e serodia. Durante moitos anos, o ourensán vivirá preocupado pola súa formación persoal e en xeral, despreocupado e pouco activo no tocante a política.

Acostuma sinalarse como primeira actividade política do escritor a visita que realiza o 15 de decembro de 1917 acompañando a Vicente Risco, Arturo Noguerol e Antón Losada Diéguez á estación de Monforte para saudar ao político nacionalista catalán, Francesc Cambó, que acababa de chegar a Galicia. O



Antón Losada, 1929.

propio Otero Pedrayo deixou dito que ingresou no galeguismo por influencia do profesor Antón Losada Diéguez.

A este respecto, cómpre sinalar que o de Trasalba non figura entre os asinantes da I Asemblea Nacionalista convocada polas Irmandades da Fala e celebrada en Lugo, o 18 de novembro de 1918 e que ao ano seguinte tampouco está presente en Compostela mentres ten lugar a II Asamblea, inda que nesta ocasión se adhira desde Santander. Sábese non

obstante, que en 1918, participou na campaña electoral a prol da candidatura rexionalista de Lois Porteiro Garea, membro das Irmandades de Compostela. Froito dese apoio asinará o artigo “Acción Regionalista” no xornal ourensán La Región o 13 de xaneiro de 1918.

A derrota electoral non desalentou aos nacionalistas galegos. Otero Pedrayo, Vicente Risco e Noguerol viaxan en abril 1921 a Vigo para participar na asemblea anual das Irmandades. A partir de entón, a actividade dos membros da xeración Nós vólvese intensa e continua. Ademais da revista, Risco, Otero, Castelao e Cuevillas, desenvolverán un inxente labor desde todas as fronteas a prol da nosa cultura. Traballan con entusiasmo en ensaios, estudos etnográficos, artigos políticos, obras narrativas ao tempo que participan en todo canto actúe a beneficio dos intereses galegos.

En 1928 a editorial Nós edita *Os camiños da vida*, a primeira gran novela do escritor chamada a converterse nunha das obras fundamentais da literatura galega contemporánea. A obra retrata a vida de dúas familias veciñas, os Doncos e os Puga, representantes do cambio social que trouxo consigo o ascenso da



burguesía e a caída da vella fidalguía galega. Dous anos despois a mesma editorial imprenta *Arredor de si*, peza clave para achegarse á xeración literaria de Otero e para comprender a maneira de ver e entender o mundo do escritor. Trátase dunha novela de aprendizaxe que describe a transformación de Adrián Solovio, o protagonista, desde o individualismo ao compromiso co ideario galeguista. Vicente Risco cualificaraa como o retrato xeracional do grupo.

Na década dos anos 30 consolídase a fama de home culto e polígrafo do escritor. A súa figura cobra peso na sociedade galega a través das intervencións públicas e dos innumerables artigos que asinou nas páxinas de *Nós*, *El Pueblo Gallego*, *Céltiga*, *A Nosa Terra* e en xeral en toda publicación que lle pedía.

Neste clima de enfebrecida actividade, a inminente chegada da República fai que algúns galegos, Otero entre eles, vexan a posibilidade de acadar a autonomía de Galicia. Iníciase entón un período de entusiasmo e traballo intenso para o escritor. En 1930 percorre a provincia de Ourense dando mitins de carácter nacionalista e anticaciquil. En abril do ano seguinte fúndase o Partido Nazonalista Republicán d'Ourense coa vontade de concorrer as inminentes eleccións ás Cortes constituíntes.

O PNRO, presidido por Ramón Otero Pedrayo que se presenta como candidato ás Cortes Constituíntes, defendía a autonomía de Galicia, a cooficialidade das linguas galega e castelán e unha reforma que permitise a transferencia dos servizos públicos estatais a Galicia. Otero acada a acta de deputado pola súa provincia e xunto a Castelao e Ramón Suárez Picallo, defenderá no Parlamento de Madrid un modelo federal.



Fundación do Partido Galeguista.

En decembro de 1931 participa en Pontevedra na fundación do Partido Galeguista de cuxo primeiro Consello Executivo formará parte. Ante a inminente consideración da República como estado laico Otero, conservador e católico, tenta que o nacionalismo galego conserve o maior grao posible de confesionalidade nas institucións. O 25 de outubro de 1931 o seu nome e o dun destacado grupo de nacionalistas aparece asinando un documento moi difundido na prensa do momento que levará por título *Afirmación católica dun grupo de nacionalistas*, o escritor decántase publicamente con respecto á confesionalidade do Estado.



Recibimento de Pere Comas, en nome da Generalitat de Catalunya, aos deputados galegos Castelao e Ramón Otero Pedrayo o 20 de xullo de 1931. Fotografía tomada na parada do Paseo de Gracia.

Pese a disentir das propostas do PG no tocante ao laicismo do estado, Otero acatou as decisións da maioría e non abandonou o partido. Participou activa e lealmente na campaña do plebiscito do Estatuto e compartiu a alegría do triúnfo acadado o 28 de xuño de 1936. Tras o levantamento militar do 18 de xullo, chegarían días aciagos para o escritor e os seus compañeiros. Ramón Otero Pedrayo debe enfrontarse ao asasinato e exilio de moitos dos seus camaradas e comproba en carne propia como o seu conservadorismo e a defensa pública da relixión católica, non van ser suficientes para evitar a incoación dun expediente de responsabilidades políticas que rematará coa separación da cátedra do instituto ourensán.



Banquete galeguista a Emilia Docet e a Manuel Luís Acuña no hotel Miño de Ourense en 1933. De pé, de esquerda a dereita: Vicente Risco, un reloxeiro d'El Cronómetro, Ramiro Illa Couto, Leuter González Salgado, Ánxeles Otero, Álvaro Cunqueiro, Emilia Docet, Manuel Luís Acuña, Ramón Otero Pedrayo, Mari Luz Morales, Ricardo Fernández Morales, María Josefa Bustamante, Eduardo Blanco Amor e Xoán Luís Ramos Colemán. Sentados, de esquerda a dereita: Miguel Valencia, J. Villagarcía, Roberto Vázquez-Monxardín, Elina Carballo, Esther Peña Bouzas, Alberto Vázquez-Monxardín, Manuel Peña Rei, Emilia Blanco Maneiro, Xosé Goyanes e Daniel Piñeiro.

A POSGUERRA

O 21 de agosto de 1937, un ano despois do inicio da Guerra Civil, unha orde ditada polo poder franquista acabado de instaurar, obriga a Ramón Otero Pedrayo a cesar como profesor de instituto. Durante algo máis de once anos, até o 8 de novembro de 1948, permanecerá privado do dereito de impartir aulas. Nos anos inmediatamente anteriores ao 48, nun arrebatado de dignidade e coherencia, negárase pese as continuas peticións gobernamentais, a solicitar formalmente o reingreso no corpo de profesores. Afirmaba teimudamente que nunca pedira que lle quitaran o traballo e que non pensaba pedir que llo devolvesen.



Otero e Eladia, ao redor de 1940.

Os anos que estivo apartado do ensino foron economicamente difíciles para a familia que sobrevivirá grazas aos beneficios que xeran as terras de Trasalba e á venda de parte importante do patrimonio. A dura situación da época impide ademais que o escritor continúe escribindo en lingua galega. Faino en castelán e asinando con pseudónimo para non usar o seu verdadeiro nome en textos redactados sen liberdade, nunha lingua que considera imposta. Luís de Alba, Santiago Amaral, Luís Peñanofre ou Juan Gallego convértense nas firmas habituais nesta época. *Misión, La Región, Posío e Santo e Señas* serán algunhas das publicacións que recollan estes traballos.



Vida del Doctor Don Marcelo Macías y García.

O traballo creativo tampouco se detén e inda que a lingua debe ser necesariamente a castelá, o tema das obras redactadas neste tempo será invariablemente galego. En 1941 ve a luz en Buenos Aires *Las palmas del convento*, despois aparecerán *Vida del doctor don Marcelo Macías y García* e a *Guía de Santiago de Compostela*. En 1950, La vocación de Adrián Silva e os traballos sobre Juan Manuel Bedoya e Las ciudades gallegas.

Don Ramón que pasa longas temporadas entre o piso da rúa da Paz en Ourense e a casa familiar de Trasalba, vive discretamente retirado e envolto nun silencio imposto que lle impide calquera manifestación pública, situación que debeu provocarlle moita tristeza e frustración. Son momentos especialmente complicados aqueles nos que recibe noticias de amigos cruelmente asasinados, mortos na fronte, na cadea ou expatriados. O escritor pasa os días concentrado no estudo, na lectura e na escritura.



Portada de «La noche».

A partir do ano 1946 comeza timidamente a asinar textos xornalísticos co seu verdadeiro nome. Un ano despois comeza a redactar os artigos de Parladoiro, unha sección periódica no xornal compostelán *La Noche* que supón a recuperación lenta e regular do escritor en lingua galega.

En xullo de 1947 Pedrayo e a súa dona viaxan a Buenos Aires, convidados polo Centro Galego para participar na celebración do Día de Galicia. A viaxe, produtiva e feliz, permitirlle reencontrarse con vellos amigos exiliados, Castelao entre eles, e organizar a edición dos tres volumes da *Historia de Galiza*, patrocinada por Manuel Puente. A *Historia de Galiza* hase converter nun ambicioso proxecto cultural que había reunir boa parte dos

esforzos dos intelectuais comprometidos co país naquela altura.

Ademais, froito desta primeira experiencia americana verá a luz a obra *Por os vieiros da saudade. Lembranzas e crónica de un viaxe a Buenos Aires*, editada en 1952



Castelao e Ramón Otero Pedrayo, 1947.

Unha mostra máis da dignidade e compromiso do escritor témola en 1949, cando nunha homenaxe ao poeta Valentín Lamas Carvajal, organizada polo Concello de Ourense, ten a ousadía de utilizar o galego nun acto público. Na tarde do 11 de novembro, no xardín do Posío, asiste a un acto organizado polas autoridades locais que van inaugurar un busto do poeta obra do escultor Antón Failde Gago. Están presentes o gobernador civil e representantes doutras institucións afectas ao réxime que interpretan a actitude oteriana como unha afronta e unha aldraxe. Pedrayo que levaba un ano escaso ocupando de novo a súa praza no instituto ourensán, non soubo ou non quixo ver a situación delicada en que o colocaba o seu comportamento.

A piques de cumprir os 62 anos, en abril de 1950, preséntase ilusionado ás oposicións que o habían converter en profesor de Xeografía e Historia na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela. Tras obter o voto unánime do tribunal opositor, o 17 de outubro dese ano, ás 10 da mañá imparte, na aula número 1 da facultade compostelá, a primeira clase das moitas que dará nos oito anos que exerceu como catedrático universitario. Instalado coa súa dona no Hotel España, na rúa Nova, inicia esta nova andaina profesional, á que con frecuencia se referirá como os anos máis felices da súa vida.

A docencia, o respaldo dos amigos, os novos pulos que toma a nosa cultura despois de tantos anos adormecida e a compañía e o esforzo dun círculo de mozos universitarios animan a vida do mestre ourensán. Foi esta unha época intensa e literariamente fecunda. Parte importante dos escritos elaborados neste tempo permanecen hoxe inéditos.

EDITORIAL GALAXIA

O 25 de xullo de 1950 celebrouse no bodegón do Hotel Compostela, en Santiago, a Asemblea fundacional da Editorial Galaxia. Baixo a presidencia de Ramón Otero Pedrayo, o Patriarca das Letras, e coa presenza de personalidades senlleiras do galeguismo, como Manuel Gómez Román, secretario do Partido Galeguista configurábase daquela o núcleo principal da resistencia cultural e política do galeguismo, obrigado á clandestinidade e ao exilio despois da Guerra Civil. Francisco Fernández del Riego, Xaime Illa Couto e Ramón Piñeiro foron as tres personalidades que desde o primeiro momento orientaron a editorial, comprometida coa recuperación da lingua e da cultura galega, nos tempos difíciles da Ditadura.




Asamblea fundacional da Editorial Galaxia nos baixos do hotel Compostela. Santiago,

25 de Xullo de 1950.

Entre os anos 1939 e 1950 apenas se publican libros en Galicia, moito menos en idioma galego. A edición, igual que a resistencia política e cultural, desenvólvese neste período principalmente en América (México, Uruguai, Arxentina), arredor de figuras como Castelao, Manuel Puente, Arturo Cuadrado ou Luís Seoane, auténticos motores da produción editorial no exilio. En 1949 publícase en Pontevedra a colección de poesía Benito Soto, promovida por Sabino Torres, Cuña Novás, Álvarez Negreira e Celso Emilio Ferreiro. Polas mesmas datas saen os primeiros títulos de Bibliófilos Gallegos, e mais a Editorial Monterrey, da man de Luís Viñas Cortegoso e Xosé María Álvarez Blázquez, orientada maiormente cara á edición de bibliofilia. O proxecto Galaxia consolidarase, entre todas elas, coma o máis estable e o de máis continuidade, referencia obrigada do rexurdimento da actividade intelectual na Galicia interior.



Xuntanza do consello de administración da Editorial Galaxia (contra 1960) presidido por Ramón Otero Pedrayo. Entre outros asisten á reunión: Francisco Fernández del Riego, Agustín Sixto Seco, Domingo García-Sabell, Ramiro Isla Couto, Fermín Penzol, Luís Viñas Cortegoso, Emilio Álvarez Blazquez, Manuel Gómez Román, Sebastián Martínez Risco e Xesús Ferro Couselo.



O libro dos amigos, 1953.

Ramón Otero Pedrayo, profesor universitario en Compostela, traballa nestes anos con ilusión e entusiasmo na recuperación cultural de Galicia. En contacto directo co círculo de intelectuais que alentan a editorial, publica nas súas máquinas *Por os vieiros da saudade. Lembranzas e crónica de un viaxe a Buenos Aires*, aparecida no ano 1952. Ademais, un traballo seu, "Na lembranza de Hölderlin", forma parte de *Presencia de Galicia*, o primeiro número dos

Cadernos da Colección Grial proxectados nun inicio por Galaxia como volumes temáticos, que habían ser o antecedente directo do que a partir do ano 1963 se chamaría Grial. Revista Galega de Cultura, publicación que ten chegado até os nosos días.

Son anos fecundos nos que o escritor asina gran cantidade de traballos. Entre eles paga a pena salientar *O libro dos amigos* (1953), unha orixinal colección de delicados bocexos biográficos de amigos e compañeiros falecidos.

Pedrayo entregado a unha actividade intensa e diversa, representa nestes anos a resistencia do galeguismo histórico. Moitos son os estudantes que se reúnen cada tarde con el no Café Español da compostelá rúa do Vilar para escoitar as súas disertacións. Algúns destes mozos conseguirán o que non lograran antes estudosos e amigos do escritor, a publicación dun libro de poemas. En 1958, o grupo Brais Pinto inaugura a súa colección de versos co libriño *Bocarribeira. Poemas pra ler e queimar*, único poemario editado en vida polo autor que sempre se mostrou remiso a dar a coñecer os seus versos.



Os Brais Pinto con Otero Pedrayo e Ben-Cho-Shey.

Dous pasamentos escurecen a vida feliz do escritor nestes anos. O primeiro, o de Castelao en xaneiro de 1950, o segundo o de Eladia Pedrayo, súa nai, falecida o 4 de febreiro de 1957 cando estaba a piques de cumprir os 98 anos.

O 5 de marzo de 1958, o día que cumpre 70 anos, Ramón Otero Pedrayo pronuncia a súa última conferencia como profesor universitario. A xubilación forzosa do intelectual reuniu no Paraninfo universitario a centos de persoas chegadas de toda Galicia para escoitar a última lección do mestre. Don Ramón diríxese en galego, segundo aclara porque llo pedira unha estudante, a un público expectante e entregado. A disertación, titulada “Unha visión xeral de Galicia” converteuse nun acto multitudinario de apoio e afecto ao escritor.



Homenaxe en Ourense a Ramón Otero Pedrayo, 1965.

O 8 de xullo dese ano un nutrido grupo de intelectuais galegos viaxa a Trasalba para facerlle entrega ao escritor do libro *Homenaxe a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacemento*, unha nova mostra de afecto que conmove fondamente ao literato. Ese mesmo ano impréntase en Caracas outro volume homenaxe titulado Ramón Otero Pedrayo. A súa vida e a súa obra.

Coa xubilación e o regreso á Ourense pechábase unha etapa de vehemente actividade. Nos anos que pasou en Compostela como profesor universitario, Ramón Otero Pedrayo deu conferencias por toda Galicia, asinou ducias artigos e prólogos de libros, participou activamente da renovación da Real Academia Galega, coordinou a redacción dos tres tomos da Historia de Galiza e traballou en proxectos propios. De entre estes últimos cómpre destacar a peza teatral titulada *O desengano do Prioiro* (1952) e a colección de contos reunidos en *Entre a vendima e a castañeira* (1957).

OS ÚLTIMOS ANOS

Xubilado como profesor universitario, Ramón Otero Pedrayo divide o seu tempo entre a casa natal e a aldea de Trasalba. Son anos de intensa actividade para o escritor que sempre disposto a traballar a prol da lingua e da cultura galega que

sinte renacer, acode a todo canto curso ou conferencia se lle convida, redacta xenerosos prólogos, le pregóns, participa en actos públicos e escribe centos de desinteresados artigos e colaboracións xornalísticas. Consciente da transcendencia pública da súa persoa e esperanzado ante a actividade galeguista dos máis mozos, Pedrayo traballa con renovado entusiasmo por Galicia e os galegos.



Un grupo de galeguistas durante unha homenaxe a Ánxel Fole. De esquerda a dereita: Xosé María Álvarez Blázquez, Ramón Piñeiro, Álvaro Cunqueiro, Domingo García-Sabell, Ánxel Fole, Francisco Fernández del Riego e Ramón Otero Pedrayo". Ano: ca. 1960.

O escritor, viaxa asiduamente a Santiago de Compostela para reunirse co numeroso círculo de amigos e mozos que visitan a casa do médico García-Sabell na Rosaleda, desde onde se xestiona nestes anos parte importante da actividade cultural da intelectualidade galega que estaba chamada a protagonizar o rexurdir das nosas letras tras a longa posguerra.

En 1959 Otero Pedrayo remata na súa casa de Trasalba *O señorito da Reboraina*, que se editaría no ano seguinte, converténdose na primeira novela en galego

publicada polo escritor tras a Guerra Civil e na última que entregaría ás máquinas en vida. O texto recrea con humor e imaxinación a vida de don Juan Manuel Pereira, o fidalgo de Reboreda.

As homenaxes e o recoñecemento sucédense a partir dos anos sesenta. En abril de 1962 o xurado acorda concederlle as 300.000 pesetas coas que estaba dotado o prestixioso Premio Galicia da Fundación March, ao que tamén aspiraba Vicente Risco. Ao ano seguinte Otero Pedrayo recibe ilusionado o primeiro galardón da Deputación Provincial de Ourense polo enciclopédico traballo *El padre Feijoo. Su vida, doctrinas e influencias*, dentro dos actos de conmemoración do centenario do frade ilustrado.

En 1966 ve a luz na editorial Galaxia *O espello no serán. Entre o Pedroso e o Viso*, colectánea de textos e reflexións que recolle a particular visión do escritor sobre a cidade de Santiago de Compostela. Nestes mesmos anos redacta en castelán unha voluminosa Historia da arte universal, que asinará co pseudónimo Cerro de los Llanos, tradución ao castelán dun Otero dos Chaos, que de novo dá conta do espírito e personalidade de quen asina.



"Intervención de Ramón Otero Pedrayo durante a celebración das súas vodas de ouro". Ano: 1973.

O 4 de agosto de 1973, no hotel San Martín de Ourense, un grupo de amigos organiza unha nova homenaxe ao escritor, nesta ocasión con motivo das vodas de ouro do matrimonio Otero Bustamante. Por expreso desexo de don Ramón, os convites fixéronse en galego. Pouco tempo despois, o 8 de abril de 1975 falece Fita. O pasamento da que fora a súa compañeira durante 52 anos,

apesadumbra ao escritor quen ve no suceso un anuncio do seu propio final.


O 12 de decembro de 1975 nun acto celebrado no Paraninfo do instituto ourensán onde traballara como profesor, recibe a calorosa homenaxe dos seus antigos alumnos que o agasallan coa edición de *Teatro de Máscaras*, unha colección de dezaseis pezas dramáticas breves asinadas en 1934, nas frecuentes viaxes en tren que o escritor facía a Madrid en compañía de Castelao, para asistir ás Cortes. De feito algunhas das obras foron escritas aproveitando o reverso dos discursos parlamentarios.

Filgueira Valverde afirmaba ter atopado os manuscritos entre os papeis de Castelao que se custodian no Museo de Pontevedra. Don Ramón di non lembrar nin gardar copia das obras que cualifica como “borranchos de comediolas” que divertían moito a Castelao nas “cansas seráns de presupostos nas Constituíntes”. Segundo deixou dito o propio Pedrayo, xurdiron a instancias do rianxeiro, quen fascinado polas innovacións teatrais da Europa da época procuraba unha renovación total do teatro galego emulando o teatro ruso que tivera a oportunidade de coñecer en París.



“O interior da catedral de Ourense no funeral tras a morte de Ramón Otero Pedrayo”. Ano: 1976.

O 10 de abril de 1976, cando o reloxo da catedral ourensán daba ás oito da mañá, o escritor falecía na súa casa da rúa da Paz. O multitudinario funeral, celebrado dous días despois, reuniu a boa parte da intelectualidade galega e a moitas persoas expresamente chegadas de toda Galicia para honrar a quen con xustiza se ten dado en chamar Patriarca das letras galegas. Vestido co hábito franciscano e envolto na bandeira galega tal e como era o seu desexo, o seu corpo descansa no cemiterio de San Francisco, xunto aos de súa nai e súa esposa. Na discreta lousa que cobre os seus restos pódese ler: "Acouga no amor dos galegos e na paz de Deus".



"Cortexo fúnebre de Ramón Otero Pedrayo". Ano: 1976.